

SESION EXTRAORDINARIA DE 04 DE NOVIEMBRE DE 2015

(Acta Número 13)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Antonio Veiga Outeiro
D. Alvaro Santos Ramos
D. Argelio Fernandez Queipo
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D. Xosé Ferreiro Fernández
D^a. M^a. Elena Candia López
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D^a. María Loureiro García
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. Pablo Rivera Capón
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Manuel Martínez Núñez
D. Manuel Jesús González Capón

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as nove horas do día **catro de novembro de dous mil quince**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este efecto.

Actúa en funcións de Secretario da Corporación, o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO.

Vista a proposta da Presidencia en relación co réxime de sesión do Pleno e da Xunta de Goberno, do seguinte teor:

“En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente e o Regulamento Orgánico desta Corporación, propono ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Réxime de Sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

- Sesión ordinaria do Pleno, mantense o establecido, é dicir, o último martes de cada mes, ás once horas, e se fose festivo, á mesma hora do día seguinte.

- Xunta de Goberno, os venres de cada semana ás once horas. De non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do luns seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil. Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Non obstante o Pleno da Corporación, decidirá”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

2.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE DENOMINACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Vista a proposta da Presidencia en relación co asunto que figura no epígrafe, que di o seguinte:

“De conformidade coa lexislación vixente, e cos arts. 60, 61 e 62 do Regulamento Orgánico da Corporación, propono ó Pleno a creación das seguintes Comisións Informativas:

- 1.- Promoción Económica e Social
- 2.- Xestión Territorial
- 3.- Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación
- 4.- Economía, Recadación e Facenda, e Especial de Contas
- 5.- Medio Rural e do Mar e Medio Ambiente
- 6.- Promoción do Territorio e Turismo
- 7.- Cooperación e Asistencia aos Concellos e Deporte
- 8.- Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico, Normalización Lingüística e Artesanía e Deseño.

Cada Comisión estará integrada, ademáis de polo Presidente, que é Presidente nato de todas as Comisiones, por sete membros, dos cales, tres serán do Grupo Provincial Socialista, tres do Grupo Provincial Popular, e un do Bloque Nacionalista Galego.

Tales Vogais serán designados polos Grupos Políticos correspondentes, cuxos Voceiros o comunicarán ó Presidente da Corporación no prazo de cinco días á aprobación do presente acordo. Os Grupos poderán substituír a un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro ou outros do mesmo Grupo, previa comunicación escrita do Voceiro ó Presidente da Corporación.

Se a substitución fora só por un determinado asunto ou sesión, a comunicación farase verbalmente ou por escrito ó Presidente da Comisión.

Non obstante o Pleno da Corporación, decidirá”.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS.

Vista a proposta da Presidencia en relación coa modificación do acordo de nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, do seguinte teor:

“En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente así como o Regulamento Orgánico desta Corporación, propono ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Modificar o acordo de nomeamento de representantes da Corporación en Organos Colexiados, do seguinte xeito:

- COMISIÓN TERRITORIAL DE PATRIMONIO HISTÓRICO DOCUMENTAL ARTÍSTICO

Un representante a designar polo Grupo Provincial do BNG

- COMISIÓN PROVINCIAL MEDIO AMBIENTE:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista

- COMITÉ PROVINCIAL CRUZ ROJA LUGO

Dous representantes a designar un polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- COMISIÓN GALEGA PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A DROGODEPENDENCIA:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- CONSELLO TERRITORIAL PROPIEDAD INMOBILIARIA:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular

- MESA TÉCNICA PLAN INTEGRAL DE MELLORA XENÉTICA:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista

- PADROADO DE SARGADELOS:

Un representante a designar polo Grupo Provincial do BNG

- XUNTA CONSULTIVA RESERVA CAZA ANCARES:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- CONSELLO INTERINSTITUCIONAL DO MENOR:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS:

O Ilmo. Sr. Presidente, e dous representante a designar un polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- PADROADO FUNDACIÓN ROF CODINA:

O Ilmo. Sr. Presidente, e dous Deputados mais a designar un polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- DESENVOLVIMIENTO RURAL DO RIO LOR:

Dous representantes, a designar un deles polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENCIOS

O Ilmo. Sr. Presidente e dous representantes máis, a designar un deles polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG

- CONSELLO XERAL DO CONSORCIO “OS PEARES”.

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- COMISION GALEGA DE DELIMITACION TERRITORIAL:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- CONSELLO DE EMPADROAMENTO:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- CONSELLO ASESOR TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL DE GALICIA:

Un representante a designar polo Grupo Socialista.

- CONSELLO DE ADMINISTRACION AFIGAL, S.G.R.:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista.

**- CONSELLO GALEGO DE SERVICIOS SOCIALES E DOS CONSELLOS
PROVINCIAIS DE SERVICIOS SOCIAIS:**

Dous representantes, a designar un deles polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

**- PADROADO DA FUNDACIÓN “UNIVERSIDADE VIRTUAL DE
GALICIA”.**

Un representante, a designar polo Grupo Socialista.

**- CONSELLO DE DIRECCIÓN DO CONSORCIO DO AUDIOVISUAL DE
GALICIA**

O Ilmo Sr. Presidente e un Deputado máis a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- COMITÉ ASESOR DO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE LUGO

Un representante, a designar polo Grupo Popular Provincial Socialista.

- PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO

Un representante, a designar polo Grupo Provincial do BNG.

- CONSELLO GALEGO DE SAÚDE

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **CONSELLO DE ADMINISTRACION DO ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial do BNG.

- **ASOCIACION RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial do BNG

- **FUNDACION DOS FERROCARRILES DE GALICIA**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **CONSELLO DE ADMINISTRACION DE XESTUR- LUGO.**

Un representante, a designar polo Grupo Socialista.

- **CONSELLO DE ADMINISTRACION DA SOCIEDADE “TUR-GALICIA, S.A.”.**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **ASEMBLEA XERAL DO FORO 21 DE MEDIO AMBIENTE E SOSTENIBILIDDE**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

Os Grupos políticos designarán de entre os seus membros aos representantes que corresponda en cada órgano colexiado no prazo máximo de cinco días”.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTE.

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data oito de outubro pasado, que textualmente di o seguinte:

“En virtude das facultades que me confire o art. 55 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación cos arts. 35.4 e 34.3, ambos da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Régimen Local, e art. 104.2 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

Nomear Vicepresidente e membro da Xunta de Goberno ó Deputado Provincial D. Antonio Veiga Outeiro

Os Vicepresidentes substituirán á Presidenta en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera orde, por orde de nomeamento.

O presente Decreto terá aplicación desde o día da data, sen prexuício de dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación e da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

5.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data vinte e seis de outubro de dous mil quince, que textualmente di o seguinte:

“En virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

Nomear membros da Xunta de Goberno, ademáis do Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, nomeado membro de dito órgano colexiado e, por ter tal condición, nomeado tamén Vicepresidente por resolución desta Presidencia de data oito de outubro de doous mil quince, ós seguintes Deputados Provinciais:

- D. Alvaro Santos Ramos
- D. Argelio Fernández Queipo
- D. Miguel Angel Sotuela Vega
- D^a. M^a. del Pilar García Porto
- D. Lino Rodríguez Ónega
- D. Eduardo Vidal Baamonde
- D. Xosé Ferreiro Fernández

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

6.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE DELEGADOS.

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data vinte e seis de outubro de dous mil quince, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excma.

Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

Primero.- Conferir delegación para as áreas que se citan a continuación ós seguintes Deputados Provinciais:

➤ **AREA DE PROMOCION ECONÓMICA E SOCIAL.-** D. Alvaro Santos Ramos, que asumirá directamente as materias de Promoción Económica, Emprego, Benestar Social e Demografía.

- Conta con dúas Subáreas:

- **AREA DE INNOVACION E TICs, PARTICIPACION CIDADÁ E TRANSPARENCIA.-** D. Pablo Rivera Capón.

- **AREA DE ENSINO, EDUCACION, ECONOMIA DO COÑECEMENTO, IGUALDADE E MOCIDADE.-** D^a. María Loureiro García.

➤ **AREA DE XESTION TERRITORIAL.- (VIAS E OBRAS, U.P., E PARQUE MOBIL).**- D. Argelio Fernández Queipo.

➤ **AREA DE GOBERNO INTERIOR, ASUNTOS XERAIS E FORMACIÓN.-** D. Miguel Angel Sotuela Vega.

➤ **AREA DE ECONOMIA, RECADACION, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS.-** D^a. M^a. del Pilar García Porto.

➤ **AREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MEDIO AMBIENTE.-** D. Lino Rodríguez Ónega.

- Conta cunha Subárea:

- **AREA DE MEDIO AMBIENTE.-** D^a. Sonsoles López Izquierdo.

➤ **AREA DE PROMOCION DO TERRITORIO E TURISMO.-** D. Eduardo Vidal Baamonde.

➤ **AREA DE COOPERACION E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E DEPORTE.-** D. Antonio Veiga Outeiro.

➤ **AREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO E ARTÍSTICO, ARTESANÍA E DESEÑO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-** D. Xosé Ferreiro Fernández.

Segundo.- As delegacións xerais conferidas esténdense ás facultades de xestionar os servizos en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia das áreas delegadas. Serán informados de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Area, teña relación coa súa.

Asi mesmo todos os delegados participarán, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Area á se refire a delegación.

O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

7.- CONTA DE ESCRITOS DOS GRUPOS PROVINCIAIS SOBRE DESIGNACIÓN DE VOCEIROS.

1º.- Dáse conta do escrito presentado por D^a. Elena Candia López, D. José Antonio García López, D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, D. Juan Carlos Armesto Quiroga, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Manuel Yanes Ginzo, D. Manuel Jesús González Capón, D. Francisco

Javier Balado Teijeiro, D. Jesús Carreira Ferreiro, D. José Pardo Lombao, D. José Ulla Rocha, e D. Ramiro Moure Ansoar, polo que comunican a designación como Voceira á Deputada Provincial D^a. Elena Candia López, como Vicevoceiro Primeiro ó Deputado Provincial D. Juan Carlos Armesto Quiroga, e Vicevoceiro Segundo ó Deputado Provincial D. José Antonio García López.

2º.- Dáse conta do escrito presentado por D. Darío Campos Conde, no que comunica a designación de D. Alvaro Santos Ramos como Voceiro do Grupo Provincial Socialista, e como Vicevoceira á Deputada Provincial D^a. M^a. del Pilar García Porto.

3º.- Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio Veiga Outeiro e D. Xosé Ferreiro Fernández; polo que comunican a designación de D. Xosé Ferreiro Fernández como Voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego.

O Pleno da Corporación queda enterado.

8.- MODIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE RÉXIME DE RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN ÓS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Vista a proposta en relación coa modificación do acordo sobre réxime de retribución e indemnización ós membros da Corporación, que di o seguinte:

“De conformidade co disposto no número catro do art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 75 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, art. 225 de la Ley 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno da Corporación Provincial a seguinte proposta de acordo:

A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

- 1. Presidente:** As retribucións, en cómputo anual e cuantía, serán de 63.502,46 euros, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo ao representar á Deputación Provincial, presidir todas as Comisións, Sesións, Xuntas,

Comités, etc. E que se considera tamén indispensable a súa non dedicación á calquera outra actividade.

2. Vicepresidente:

- D. Antonio Veiga Outeiro. A cantidade de 57.518,30 €.

As retribucións serán en cómputo anual, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo, e resultar indispensable a súa non dedicación a calquera outra actividade.

3. Deputados Provinciais:

- Dedicación exclusiva ao Deputado Delegado da Area de Xestión Territorial.
- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Area de Economía e Facenda e Especial de Contas.
- Dedicación exclusiva ao Deputado Delegado de Promoción do Territorio e Turismo
- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Area de Medio Ambiente.
- Dedicación exclusiva ó Deputado Delegado da Area de Innovación e TICs, Participación cidadá e Transparencia.
- Dedicación parcial ao Deputado Delegado da Area de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación.

4. Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva pertencentes a Grupos Políticos.

1.- Ao Grupo Provincial Socialista corresponderalle o importe de dúas dedicacións exclusivas a repartir en dedicacións completas ou parciais segundo se considere.

2.- Ao Grupo Provincial Popular corresponderalle o importe de tres dedicacións exclusivas, a repartir en dedicacións completas ou parciais segundo consideren.

3.- Ao Grupo Provincial do BNG corresponderalle o importe dunha dedicación exclusiva.

As dedicacións exclusivas poderán ser distribuídas na forma que se propoña polo Voceiro do Grupo Político Provincial, de xeito que as dedicacións exclusivas terán un importe de 50.391,04 €, e as dedicacións parciais terán un importe de 25.737,32 €.

B).- As dedicacións exclusivas e parciais terán efectos desde a aceptación por parte do interesado; a excepción da do Ilmo. Sr. Presidente que terá efectos desde a súa toma de posesión o día oito do pasado mes de outubro.

C).- As cantidades asignadas por dedicación exclusiva e dedicación parcial percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

D).- Estas cantidades serán revisadas automaticamente cada ano, nos termos previstos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

E).- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e no Tablón de Editos do Pazo Provincial”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A proposta que se trae é coñecida e estivo a disposición de todos os Grupos Políticos que integramos a Corporación Provincial. Trátase da proposta que xa tiñamos anunciado de conformidade con ese acordo que unánimemente adoptamos xa neste Pleno da Corporación no 2011, previas as diferentes aportacións que os diferentes Grupos Políticos puideron facer.

En canto á proposta cabe destacar que se enmarca naquel acordo de 2011, que pretende crear as bases para unha boa gobernabilidade da Deputación Provincial de Lugo; e que tamén en canto ós Grupos Políticos que teñan a capacidade suficiente para poder exercer a súa labor política máis aló da propia labor institucional. Así quedaba patente naquel Pleno onde discutían o Sr.

Martínez e o Sr. Barreiro, pero que discutían sobre cuestións nimias non sobre o fondo da cuestión no que había un amplo acordo e consenso entre todas as forzas políticas.

Podemos resumilo na dedicación do Presidente; en canto ás dedicacións do Goberno, a dedicación exclusiva do Vicepresidente, dedicacións exclusivas de cinco Deputados e unha dedicación parcial doutro Deputado máis do Goberno; o que significa o mesmo cómputo e o mesmo custe de Goberno que en 2011.

En canto á asignación de retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva pertencentes ós Grupos Políticos mantense tamén ese mesmo cadro de 2011, onde o Grupo Provincial Socialista tería dúas dedicacións exclusivas, o Grupo Provincial Popular tres dedicacións exclusivas ó estar na oposición, e o Grupo Provincial do BNG unha dedicación exclusiva. Se vostedes recordan no Pleno de organización de 2015 acordouse un réxime diferente donde o Grupo Socialista tería tres dedicacións exclusivas ó estar na oposición, e o Grupo Popular dúas estando no Goberno, co cal agora nesta proposta se muda e se volve á situación anterior que, insisto, foi xa aprobada por unanimidade tamén no 2011.

É unha proposta na que a Deputación de Lugo segue sendo das máis baratas de Galicia, das que menos custe político e de persoal ten en Galicia, con ese aforro superior ó 20% do período anterior de 2007 ata agora abaratouse ese 20% o custe do Goberno respecto ó Goberno do Partido Popular anterior a 2007, e seguimos esa liña”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Con respecto á proposta presentada neste punto o Grupo Popular, despois de ter analizado dita proposta, tendo en conta eses precedentes ós que se fixo referencia con respecto ós acordos de 2011 e de 2015, pero sen deixar de ter en conta tamén a proporcionalidade que debe rexer o reparto en canto ás dedicacións dos Grupos Políticos, cremos que a dedicación neste caso do Bloque Nacionalista Galego en vez dunha dedicación exclusiva débelle corresponder media dedicación, é dicir unha dedicación parcial. Polo tanto neste mesmo momento queremos presentar unha emenda

con base no artigo 112 do Regulamento de Funcionamento, nese sentido, polo cal propoñemos, para expresar o noso sentido do voto, se estime por parte desta Corporación a emenda presentada”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Nós en principio, por unha simple cuestión de lóxica e de coherencia, estaríamos de acordo coa proposta que se fai desde o equipo de goberno pero por múltiples e variados motivos, en primeiro lugar porque, polo que eu entendín cando cheguei a esta Casa, esta era unha proposta que viña xa de atrás e que viña sempre avaliada pola unanimidade dos tres Grupos Políticos.

Incluso non entendo moi ben esta emenda que acaba de presentar o Grupo Popular porque a proposta que fixeron cando eles gobernaban foi xustamente a contraria, é dicir non só non rebaixar a dedicación exclusiva do Grupo do BNG á metade senón que incluso nos ofreceron naquel momento dúas dedicacións exclusivas, co cal non ten moito sentido nin moita lóxica este cambio de actitude senón que sexa coa única intencionalidade de poñer trabas ou algún tipo de interese oculto que supoño que nos próximos tempos se empezará a desvelar.

En todo caso, como vexo que o criterio da proporcionalidade se usa en función das circunstancias e en función do que interesa en cada momento, eu son dos que defendo e sempre defendín, igual cá postura oficial que ten o Bloque Nacionalista Galego, que o custe da actividade política non se mide en termos do número de Delegados senón que o custe da actividade política é o mesmo téñanse dous Deputados ou dez.

Por tanto desde logo non estamos de acordo con esta emenda, pero tamén quero dicir que podemos poñer as trabas que queiramos, os atrancos que queiramos, algúns levamos traballando na política moitos anos sen dedicacións exclusivas e sen ter unha remuneración por iso, no meu caso concreto levo un par de meses con dedicación exclusiva a isto, pero teña ou non que quede claro que non paralizarán o traballo do BNG, non van restar nin un ápice do esforzo que teñamos que facer neste caso polas persoas, polos cidadáns da provincia de Lugo, e desde logo non imos permitir que actitudes que non teñen ningún tipo de criterio nin fundamento político nos impidan levar adiante o noso traballo.

Nós apoiamos a proposta que se fai desde o Goberno, e estamos en contra da emenda presentada polo Grupo Popular”.

Por parte do Sr. Presidente manifestase que en primeiro lugar votarase a emenda presentada polo Grupo Provincial.

Efectuada a votación da emenda presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13; votos en contra, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a emenda presentada.

A continuación por parte do Sr. Presidente anúnciase que se procederá a continuación á votación da proposta, unha vez incluída na mesma a emenda que foi aprobada, que queda do seguinte xeito:

“De conformidade co disposto no número catro do art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 75 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, art. 225 de la Ley 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno da Corporación Provincial a seguinte proposta de acordo:

A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

1. Presidente: As retribucións, en cómputo anual e cuantía, serán de 63.502,46 euros, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo ao representar á Deputación Provincial, presidir todas as Comisións, Sesións, Xuntas, Comités, etc. E que se considera tamén indispensable a súa non dedicación á calquera outra actividade.

2. Vicepresidente:

- D. Antonio Veiga Outeiro. A cantidade de 57.518,30 €.

As retribucións serán en cómputo anual, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo, e resultar indispensable a súa non dedicación a calquera outra actividade.

3. Deputados Provinciais:

- Dedicación exclusiva ao Deputado Delegado da Area de Xestión Territorial.
- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Area de Economía e Facenda e Especial de Contas.
- Dedicación exclusiva ao Deputado Delegado de Promoción do Territorio e Turismo
- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Area de Medio Ambiente.
- Dedicación exclusiva ó Deputado Delegado da Area de Innovación e TICs, Participación cidadá e Transparencia.
- Dedicación parcial ao Deputado Delegado da Area de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación.

4. Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva pertencentes a Grupos Políticos.

1.- Ao Grupo Provincial Socialista corresponderalle o importe de dúas dedicacións exclusivas a repartir en dedicacións completas ou parciais segundo se considere.

2.- Ao Grupo Provincial Popular corresponderalle o importe de tres dedicacións exclusivas, a repartir en dedicacións completas ou parciais segundo consideren.

3.- Ao Grupo Provincial do BNG corresponderalle o importe dunha dedicación parcial.

As dedicacións exclusivas poderán ser distribuídas na forma que se propoña polo Voceiro do Grupo Político Provincial, de xeito que as dedicacións exclusivas terán un importe de 50.391,04 €, e as dedicacións parciais terán un importe de 25.737,32 €.

B).- As dedicacións exclusivas e parciais terán efectos desde a aceptación por parte do interesado; a excepción da do Ilmo. Sr. Presidente que terá efectos desde a súa toma de posesión o día oito do pasado mes de outubro.

C).- As cantidades asignadas por dedicación exclusiva e dedicación parcial percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

D).- Estas cantidades serán revisadas automáticamente cada ano, nos termos previstos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

E).- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e no Tablón de Editos do Pazo Provincial”.

Efectuada a votación da proposta coa inclusión da emenda aprobada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13; votos en contra, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta coa inclusión da emenda presentada e previamente aprobada.

Seguidamente pide a palabra o Sr. Deputado D. Manuel Martínez Núñez en explicación de voto, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Como se daría conta o meu voto foi distinto do que emitiu o Grupo no que estou integrado. Como sabe, este voceiro e este Grupo sempre defendeu que os Grupos tiveran representación, recursos e medios, e creo que foi unha das batallas que demos cando estabamos na oposición. Iso conseguíuse, é certo, cun goberno bipartito e a partires de aí houbo estabilidade e non houbo problemas de ningún tipo, e tódolos Grupos, tiveran os Deputados que tiveran, dispuxeron deses recursos.

A situación, como dixo o Voceiro do BNG, cambiou e aquí non hai continuidade, aquí hai un cambio importante porque tamén houbo propostas do Partido Popular que cambiaron esa situación.

Paréceme que nós, o meu Partido, temos un pacto co Bloque Nacionalista Galego, e este voto que eu emitín é a esencia e é o respecto escrupuloso a ese pacto, donde o BNG e o Partido Socialista pedían proporcionalidade, e a proporcionalidade obviamente non é o que fixo o Partido Popular hai catro meses de darlles o mesmo ó Grupo do Partido Popular, có Grupo do BNG, có Grupo Socialista. E eu creo que esta proposta do Grupo Popular vai nese sentido, adalgazar ás Institucións e, con criterios obxectivos, darlle os recursos en función do número de Deputados. Aparte eu creo que nun acto de boa vontade e de xenerosidade pola miña parte, que co meu voto vaian dispoñer tamén de recursos e de medios que doutro xeito quizá non terían.

Non saben se queren o acordo de 2007 ou de 2011, ou querían outra vez o pacto dos 100.000 euros do Grupo do Partido Popular. Porque estamos ante un Partido que di que quere adelgazar as Institucións pero que arrampla con todo o que colle polo seu lado, todo o que pódese levar nese adelgazamento é a Institución que adelgace pero o Bloque Nacionalista Galego que engorde; e obviamente nesa política, tal e como dixen no Pleno anterior, eu non o vou facer, non me vou fiar desde logo dun Grupo que pón condicións que el non cumpre e que sistemáticamente está dando leccións de moral e de política e adelgazamento ós outros Deputados, e iso eu, e díxeno noutro Pleno, non o vou permitir. Esta postura vai ser neste Pleno e nos seguintes, e tamén nos seguintes puntos que se debatan, a proporcionalidade ten que ser o eixo deste Goberno e así facer que a política e as ideas e o que predica o Bloque Nacionalista Galego se faga de acordo coa realidade, o demais son músicas e eu non estou para tocar”.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Eu desde que estou aquí xa me chamaron de todo, yihadista, talibán, membro dunha secta, etc.. Eu creo que é un bo sitio para deixar claro dunha vez cal foi a postura do BNG en canto ás hipotéticas ou reais negociacións que se deron para un cambio de Goberno na Deputación; é moi claro, eu non lle pido a ningún Deputado desta Corporación absolutamente nada que non me aplique a mín mesmo; eu se estivera na situación en que está algún dos membros desta Corporación non podería estar aquí porque a miña organización así o ten decidido, e pódese discutir ou non o que teña decidido a miña organización, pero é a decisión que hai, pódese ser xusta ou inxusta pero iso

é a criterio de cada persoa e os cidadáns en todo caso falarán no seu momento; eu, e o meu compañeiro neste caso, Antonio Veiga, non poderíamos estar aquí.

Co cal eu creo que é bastante razoable que para aquelas cuestións que nós non votariamos por un compañeiro noso, tampouco o fagamos por outro compañeiro doutra formación política que está nesta mesma situación. E para nada, e díxeno moitas veces, nos metemos en ningún tipo de cuestión persoal porque non é a miña intencionalidade; e desde logo non lle vou dirixir a ninguén cualificativos persoais despreciativos porque nin é o meu estilo nin espero que o sexa.

En todo caso referíndonos a este apartado, nós é certo que temos que financiar a nosa organización, nós non temos bancos que nos dean créditos blandos ou nolos condone cando non se pódén pagar, non temos grandes corporacións que reparte sobres ou fondos, ou financia dunha forma ilegal ós Partidos, nós financiámonos única e exclusivamente cos fondos públicos que todas as persoas saben e coas cotas dos nosos afiliados e afiliadas; co cal lóxicamente nunha proporcionalidade xusta para o traballo político financiannos as Administracións Públicas igual có resto de Partidos, defendendo uns criterios cos que uns poderán estar de acordo e outros non, en todo caso é sempre con diñeiro que todo o mundo sabe de onde sae e tamén a donde vai parar, sen ningún tipo de ocultación.

Este tipo de alianzas, un pouco estrañas cando menos, co tempo supoño que se saberá a que obedecen, e seguiremolas estudando e actuando en consecuencia segundo vaian avanzando os tempos”.

Pide a palabra novamente o Sr. Deputado D. Manuel Martínez Núñez, manifestando que entende que se abriu un debate sobre a súa postura, e que lle gustaría contestar á anterior intervención. Polo Sr. Presidente manifestase ó Sr. Martínez que o debate está rematado non habendo lugar a ningunha outra intervención.

9.- PROPOSTA SOBRE ASIGNACIÓN ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN.

Vista a proposta en relación coa proposta sobre asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación, que di o seguinte:

“En relación coa asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación:

- Compoñente fixo: 4.000 euros/mes para o Grupo Político.
- Compoñente variable: A razón de 1.500 €/mes por cada membro do Grupo Político correspondente.

2º.- A liquidación realizarase mensualmente e terá efectos desde o día catro de novembro de 2015, data de celebración da sesión plenaria na que se adopta o acordo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Nesta proposta o Grupo Provincial do Partido Popular tamén presenta unha emenda, ó amparo do mesmo artigo que citou o meu compañeiro, e así propoñemos o acordo adoptado no ano 2011 coa salvidade do límite que ten o Grupo que represento no ano 2015, que significaría unha adaptación á baixa respecto ó acordo de 2015”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Neste punto entendo que a proposta de emenda que fai o Partido Popular é manter esa asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación, cun compoñente fixo de 4.000 euros ó mes para cada Grupo Político e un compoñente variable a razón de 1.500 euros ó mes por cada membro do Grupo Político correspondente; coa salvidade de que no caso do Grupo Provincial do Partido Popular se aplique como límite máximo a mesma asignación que tiña aprobada no Pleno de

organización de xullo de 2015. Pola nosa parte non hai ningún problema en aceptar a emenda que afecta só o Grupo Popular, e que é libre e soberano de facer as propostas e tomar as decisións que considere sobre isto.

Pero si hai unha cousa estraña e particular, o acordo que propón o Grupo Popular para o Pleno de organización do mes de xullo de 2015 era diferente e obedecía a outros parámetros, a outra situación, e nas reunións previas que houbo ás que vostedes quixeron asistir, nesas reunións nas que participaron, o plantexamento que facían era o que nós traemos ó Pleno agora mesmo que era a proposta de 2011. É simplemente un comentario, o que me sorprende é que vostedes emenden o que nos pediron que propuxésemos, pero non hai ningún problema, aféctalles a vostedes exclusivamente, e non vexo ningún inconveniente en admitir esa emenda”.

Seguidamente o Sr. Presidente anuncia que se vai proceder á votación da emenda presentada polo Grupo Provincial Popular, sendo a mesma aprobada por unanimidade.

A continuación o Presidente manifesta que se vai proceder á votación da proposta unha vez incorporada á mesma a emenda presentada polo Grupo Provincial Popular e aprobada por unanimidade, quedado a proposta do seguinte xeito:

“En relación coa asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación:

a) Grupo Provincial Socialista e Grupo Provincial do BNG:

- Compoñente fixo: 4.000 euros/mes para cada Grupo Político.
- Compoñente variable: A razón de 1.500 €/mes por cada membro do Grupo Político correspondente.

b) Grupo Provincial Popular:

- Compoñente fixo: 3.500 euros/mes para o Grupo Político.
- Compoñente variable: En función do número de membros do Grupo, de acordo coa seguinte táboa (o compoñente variable será o sumatorio do valor de cada un dos deputados pertencentes ao grupo):

DEPUTADO	RET. VAR GRUPO
1	2.600,00 €
2	2.400,00 €
3	2.200,00 €
4	2.000,00 €
5	1.800,00 €
6	1.600,00 €
7	1.400,00 €
8	1.200,00 €
9	1.000,00 €
10	800,00 €
11-25	- €

2º.- A liquidación realizarase mensualmente e terá efectos desde o día catro de novembro de 2015, data de celebración da sesión plenaria na que se adopta o acordo”.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta coa inclusión da emenda presentada e previamente aprobada.

10.- MODIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE DETERMINACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL.

Vista a proposta en relación coa proposta sobre asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación, que di o seguinte:

“En relación coa determinación de personal eventual da Excma. Deputación Provincial de Lugo, despois de consultados os Grupos Políticos Provinciais e de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da

Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno a seguinte proposta de acordo:

1º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Grupo Político, cunha asignación máxima anual de 91.756,92 euros, será o que a continuación se indica:

GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL II	41.474,02 €	41.474,02 €
1	ASESOR NIVEL IV	30.472,48 €	30.472,48 €
1	AUXILIAR DE APOIO Ó GRUPO	19.810,42 €	19.810,42 €
			91.756,92 €

GRUPO PROVINCIAL POPULAR

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
3	ASESOR NIVEL IV	30.472,48 €	91.417,44 €
			91.417,44 €

GRUPO PROVINCIAL DO BNG

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
3	ADMINISTRATIVOS/AS DE APOIO Ó GRUPO	23.805,74 €	71.417,22 €
1	AUXILIAR DE APOIO	19.810,42 €	19.810,42 €
			91.227,64 €

2º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Area de Goberno, será o que a continuación se indica:

AREA DE PRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR NIVEL I	50.567,30 €	50.567,30 €
1	ASESOR/A NIVEL II	41.474,02 €	41.474,02 €
3	ASESOR/A NIVEL III	34.527,00 €	103.581,00 €
2	ASESOR/A NIVEL IV	30.482,48 €	60.964,96 €
1	ADMINISTRATIVO/A DE APOIO	23.805,74 €	23.805,74 €
			280.393,02 €

AREA DE VICEPRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
4	ADMINISTRATIVO/A DE APOIO	23.805,74 €	95.222,96 €
1	AUXILIAR DE APOIO	19.810,42 €	19.810,42 €
			115.033,38€

3º.- As retribucións do persoal eventual devengarase desde o momento da aceptación do cargo polo nomeado. E incrementaranse anualmente nos termos previstos para os empregados públicos nas Lei de orzamentos xerais do Estado. Séndolles de aplicación así mesmo as prestacións complementarias de que gozan os empregados públicos da Excm. Deputación Provincial de acordo co Convenio Colectivo e Acordo Marco Unico”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Neste punto relativo ó acordo sobre a determinación do cadro de persoal eventual pasa o mesmo que no do réxime de asignacións. A proposta que se trae é a de 2011 co persoal eventual ó Goberno, tanto á Presidencia como á Vicepresidencia; e en canto ó dos Grupos Políticos tamén ese mesmo reparto que fora acordado en 2011, cunhas pequenas modificacións que se fixeran en 2015 no relativo ó Grupo Provincial Popular que eles mesmos propuxeran e demandaran que fundamentalmente consistía en que, dentro da mesma cantidade económica, cada Grupo poidese decidir como distribuía os seus asesores en función do nivel que concedese a cadaún deles.

Cabe recordar neste punto que o Grupo Provincial Socialista, tanto de cara ó Pleno de organización do mes de xullo como a este Pleno de modificación dalguns asuntos acordados naquel Pleno do mes de xullo, mantivo sempre a mesma postura que era que en 2011 tiñamos un acordo claro e que satisfaceu, porque así o demostrou a votación no Pleno de organización de 2011, a tódalas organizacións políticas, e puxemos como límite a calquera modificación que non houbera incremento de custe do Goberno respecto a 2011, nin na totalidade nin na parcialidade. Iso fixemos co réxime de dedicacións exclusivas dos membros da Corporación, onde en ningún momento nos puxemos nunha postura de recorte nin de baixada simplemente o manifestamos daquela, e o seguimos mantendo agora, que o Goberno ten que ter medios suficientes para exercer a súa labor

de goberno, o mesmo no tema das dedicacións exclusivas con cargo ós Grupos Provinciais, e o mesmo no persoal eventual.

Daquela non lle impuxemos ningún tipo de recorte ó Goberno do Partido Popular xa que entendemos que deberían dotarse convenientemente porque un Goberno ben dotado e ben articulado e estruturado será un beneficio para os veciños da provincia que é para o que estamos aquí, e sempre mantendo esa limitación de non incrementar o de 2011, consideramos que os gobernos deben ser avaliados en termos de eficiencia sempre que haxa responsabilidade e criterio na xestión económica do propio goberno.

Esta é a proposta que novamente traemos ó Pleno, con esas modificacións ás que facía mención anteriormente, e sobre as que, en principio, tampouco houbo ningún tipo de manifestación por parte do Grupo Provincial Popular de que fosen aceptadas ou non”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Nós aquí tamén queremos facer unha emenda de acordo co artigo 112 do Regulamento xa citado. Esta emenda vai no sentido da proposta de xullo de 2015 en canto ó que é a Presidencia no relativo ós asesores propoñemos eliminar o asesor I que ten asignado un importe de 50.567,30 €. Na proposta de xullo de 2015, cando presidía esta Institución D^a. Elena Candia, xa se tiña eliminado ese posto, e dalgunha maneira dentro desa intención, que xa se citou aquí, de adelgazar as Institucións, e para volver a este acordo de xullo propoñemos eliminar ese pósto.

En canto ó persoal eventual dos Grupos Políticos, manifestamos o que dixo xa o noso compañeiro nun dos puntos anteriores, que é a proporcionalidade. Tendo en conta que o BNG ten dous Deputados, ten once o Grupo Socialista, e polo tanto en canto ós asesores o que queremos propoñer é aceptar os que plantexa o Grupo Provincial Socialista, e aplicámoslle a proporcionalidade. Polo tanto, con esa proporcionalidade, a proposta é eliminar os tres administrativos que figuran para o BNG, cun apoio de 71.417,22 €; e tamén a eliminación dos catro administrativos de apoio na Vicepresidencia, con 95.000 euros”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Agora teño claro xa que é unha auténtica persecución do Partido Popular neste caso á miña organización. Pouco máis teño que dicir, está claro que cando menos non se actúa como se actuou ata agora, e algo debe ter en contra de nós para facer esta caza de bruxas por así dicilo.

Eu en todo caso manifestar o que dixen antes, pódense poñer como queira porque non van calarnos e non van impedir que traballemos, todo o contrario, isto en todo caso dende o BNG tomámolo como o que é, unha auténtica declaración de hostilidades, e non van impedir que traballemos aínda con máis ahínco. Creo que nós levantamos a nosa organización con moito esforzo, e se fai falta repetiremos os mesmos mecanismos para traballar na Deputación, con ou sen medios, non se preocupen os señores do Partido Popular e quen poida apoialos porque seguiremos a traballar con máis forza aínda, e se non temos medios xa buscaremos o traballo militante da nosa xente.

En todo caso eu creo que o que está pasando hoxe aquí é moi grave, estase impedindo o traballo dunha organización política, tan lexítima coma outra calquera, e estásenos sometendo a unha auténtica caza de bruxas que, en todo caso, xa analizaremos a situación e responderemos como merece este tipo de propostas que se están a facer”.

A continuación pide a palabra o Sr. Vicepresidente, D. Antonio Veiga Outeiro, membro do Grupo Provincial do BNG, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Pedín o uso da palabra entre outras cousas porque tal vez sexa un dos Deputados que máis tempo leva sentado nestes escaños. E a situación de hoxe, esa palabra que tanto se definiu últimamente, esperpento, incluso dina moitos que non leron a Valle Inclán, eu iría máis alá, bochornoso, o do Partido Popular é bochornoso.

Eu acordei aquí Portavoces do Partido Popular, como o Sr. Barreiro, que sentaba donde está sentada a Sra. Candia, e co cal se puido chegar a acordos no 2007 e no 2011, e houbo unanimidade; desde logo que era unha persoa xenerosa, é o Presidente provincial do Partido

Popular; non sei se segue mandando no Partido Popular, non sei se o Sr. Balseiro está nas súas antípodas, ou a Sra. Elena Candia, pero o espectáculo que está dando hoxe o Partido Popular, como ben dixo o compañeiro Ferreiro, con esa persecución ó Bloque Nacionalista Galego, por algo será, dános moitas forzas para as eleccións xerais.

Ademáis nun día onde vemos que en todos os medios está recollido, e non o inventou ningún órgano próximo ó Bloque, a organización política do Estado español con máis calidade democrática é o Bloque Nacionalista Galego; isto curiosamente no día de hoxe está en tódolos medios, eu creo que foi o destino tal vez o que fixera que ese estudo saíra hoxe; estamos moi orgullosos de militar no Bloque Nacionalista Galego; somos dous Deputados pero representamos a moita xente da provincia de Lugo, levámolo facendo aquí desde os anos noventa, nunha Institución donde dicimos que hai que adelgazalas, estamos en contra da existencia destas Institucións, porque hai Grupos Políticos que viviron acubillados nesta Institución moitos anos e que foron os que xeraron este descrédito que ten esta Institución e moitas máis, e maiormente o Partido Popular. É vergonzoso, é bochornoso, señoras e señores do Partido Popular, o que están facendo hoxe. Non hai máis que ir á acta do último Pleno para ver o que dicía o Sr. Armesto sobre un Deputado do PSOE, e hoxe cae nos seus brazos para fastidiar ó Bloque Nacionalista Galego, desde logo que o seu é de pena e de noxo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que están no seu dereito de presentar emendas pero deberían facer memoria. E deberíamos acordarnos daquelas reunións nas que participábamos tódolos Grupos Políticos previas ó Pleno de organización de 2015, no que vostede, Sra. Candia, como Presidenta, fixo unha proposta, e que naquelas reunións o que hoxe está emendando e proponendo eliminar ofrecía vostede trasladando unha mensaxe dicindo que quería que tódolos Grupos Políticos poideran traballar, e que quería que tódolos Grupos Políticos poidan participar.

É verdade que non levantamos acta daquelas reunións de Voceiros, pero tamén é verdade que creo que se fai necesario que a partires de agora calquera conversa que haxa con vostede se levante acta, porque se houbese acta hoxe vostede aquí estaría non colorada senón incendiada de

vergoña, Sra Candia, porque o que está proponendo hoxe non ten absolutamente nada que ver non só co de 2011 senón co plantexamento que vostede facía en 2015.

É verdade que cada Grupo Político pódese actuar e pódese ter unha postura diferente en cada situación; entenda que non aceptemos coherencia, que non aceptemos criterio, simplemente rencor contra a democracia que a colocou no seu sitio que era onde a colocaron os cidadáns, nas bancadas da oposición”.

Seguidamente intervén Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Simplesmente aclarar dous temas. Non é o Partido Popular quen trouxo o bochorno nin o esperpento a esta Cámara, eu creo que cada cal terá que responder; en cuxo caso nós somos un Partido humilde que, dentro do xogo democrático, presentamos aquelas emendas que cremos convenientes; eu sempre lembro aquilo que din vostedes de que trece son máis ca doce, nós somos un Grupo de doce, humilde, pero presentamos as nosas emendas, e o que solicitamos é que se voten”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Simplesmente dicir que antes fixen unha valoración da actitude do Partido Popular, imos ver quen se vai fiar de aquí en adiante de calquera cousa que digan. En todo caso falouse de proporcionalidade, e eu quería facer unha pequena aclaración do tema da proporcionalidade que ten o BNG; o BNG no goberno da Deputación representa practicamente de forma exacta o 30% das Áreas, do Orzamento, e do traballo na Deputación; o orzamento que había para asesores ou para persoal eventual era exactamente o 30%, polo tanto era completamente proporcional ó traballo a realizar na Deputación.

Que quede claro que neste momento imos ter que realizar o mesmo traballo con bastante menos persoal eventual do que tivo calquera outro Grupo Político na Deputación na súa historia. Insisto en que non pasa nada, faremos o traballo, e ímolo facer creo que ben, pero que quede claro

que o argumento da proporcionalidade é completamente falso. E desde logo, e a historia xa o vén dicindo, fiarse de calquera cuestión ou de calquera cousa que poida dicir o Partido Popular, ou chegar a un acordo con vostedes, vai ser cando menos complicado dado que a súa volatilidade na palabra é bastante cuestionable”.

Intervén o Sr. Presidente para anunciar que en primeiro lugar votarase a emenda presentada polo Grupo Provincial.

Efectuada a votación da emenda presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13; votos en contra, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a emenda presentada.

A continuación o Sr. Presidente manifesta que se procederá a continuación á votación da proposta unha vez incluída na mesma a emenda que foi aprobada, quedando a proposta redactada do seguinte xeito:

“En relación coa determinación de personal eventual da Excma. Deputación Provincial de Lugo, despois de consultados os Grupos Políticos Provinciais e de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno a seguinte proposta de acordo:

1º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Grupo Político, cunha asignación máxima anual de 91.756,92 euros, será o que a continuación se indica:

GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL II	41.474,02 €	41.474,02 €
1	ASESOR NIVEL IV	30.472,48 €	30.472,48 €
1	AUXILIAR DE APOIO Ó GRUPO	19.810,42 €	19.810,42 €
			91.756,92 €

GRUPO PROVINCIAL POPULAR

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
3	ASESOR NIVEL IV	30.472,48 €	91.417,44 €
			91.417,44 €

GRUPO PROVINCIAL DO BNG

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	AUXILIAR DE APOIO	19.810,42 €	19.810,42 €
			19.810,42 €

2º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Area de Goberno, será o que a continuación se indica:

AREA DE PRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL II	41.474,02 €	41.474,02 €
3	ASESOR/A NIVEL III	34.527,00 €	103.581,00 €
2	ASESOR/A NIVEL IV	30.482,48 €	60.964,96 €
1	ADMINISTRATIVO/A DE APOIO	23.805,74 €	23.805,74 €
			229.825,72 €

AREA DE VICEPRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	AUXILIAR DE APOIO	19.810,42 €	19.810,42 €
			19.810,42 €

3º.- As retribucións do persoal eventual devengarase desde o momento da aceptación do cargo polo nomeado. E incrementaranse anualmente nos termos previstos para os empregados públicos nas Lei de orzamentos xerais do Estado. Sédolles de aplicación así mesmo as prestacións complementarias de que gozan os empregados públicos da Excm. Deputación Provincial de acordo co Convenio Colectivo e Acordo Marco Unico”.

Efectuada a votación da proposta coa inclusión da emenda aprobada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13; votos en contra, 12. Polo que

o Presidente declara aprobada por maioría a proposta coa inclusión da emenda presentada e previamente aprobada.

E non habendo áis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.